




UN EQUIPO DA UNIVERSIDADE DE ZURICH VISITOU ESTA SEMANA O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO PARA COMPROBAR A EVOLUCIÓN DO PROXECTO REVERSE

- *Posta en marcha a iniciativa da Comisión Europea, o proxecto REVERSE trata de axudar aos centros hospitalarios a reducir os efectos negativos dos patóxenos resistentes aos antibióticos*
- *Un equipo da Universidade de Zurich, coordinadora deste proxecto, visitou esta semana o Álvaro Cunqueiro para comprobar a evolución do programa e axudar na implementación de novas estratexias neste terreo*
- *En REVERSE participan 24 hospitais europeos e a súa implementación e desenvolvemento na Área Sanitaria de Vigo corresponde ao Grupo de Investigación en Enfermidades Infecciosas do IIS Galicia Sur, liderado pola Dra. María Teresa Pérez Rodríguez*

Vigo, 15 de marzo de 2024. Un equipo multidisciplinar da Universidade de Zurich (Suíza) visitou esta semana o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo co fin de comprobar a evolución neste centro hospitalario do proxecto REVERSE: programa posto en marcha en 2021 baixo a iniciativa da Comisión Europea e que ten como obxectivo mitigar os efectos de patóxenos resistentes aos antibióticos e limitar o seu impacto nos sistemas de saúde.



O proxecto, no que participan 24 hospitais europeos -ademais de institucións sanitarias e centros de investigación-, emprega profesionais de múltiples disciplinas para axudar aos centros hospitalarios a implementar novas estratexias encamiñadas a reducir os efectos negativos dos patóxenos fármaco-resistentes.



Visita anual

Esta visita, que se produce por segundo ano consecutivo, fíxose co fin de coñecer o contexto dos diferentes centros participantes e analizar a evolución do proxecto en cada un deles, e estivo coordinada pola Dra. María Teresa Pérez Rodríguez, do Servizo de Medicina Interna do Hospital Álvaro Cunqueiro e investigadora responsable do Grupo de Investigación en Enfermidades Infecciosas do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur.

Neste caso, a visita de traballo das profesionais enviadas pola Universidade de Zurich estivo conformada pola Dra. Aline Wolfensberger, do departamento de Infectoloxía e Hixiene Hospitalaria do Hospital Universitario de Zurich, e por Bianca Albers, Kathrin Blum e Laura Caci, do Instituto de Ciencias da Implementación no Coidado da Saúde, dependente tamén da Universidade de Zurich.

Traballo paulatino

O proxecto REVERSE (acrónimo do seu título en inglés: pREvention and management tools for rEDucing antibiotic Resistance in high prevalence Settings - Ferramentas de prevención e xestión para reducir a resistencia aos antibióticos en contornas de alta prevalencia) xorde dunha das principais preocupacións da medicina moderna, derivada da aparición de patóxenos resistentes aos antibióticos que poñen en perigo a medicina tal e como a coñecemos. Co fin de mitigar estes efectos, REVERSE trata de consolidar un marco para axudar a previr e xestionar esta realidade, limitando o seu impacto sobre os sistemas de saúde.

Para o seu desenvolvemento, REVERSE consta de diferentes etapas denominadas Workpackages (Wp). Así, o ano pasado a visita do grupo estivo centrada no Wp3 (prevención e control da infección). Este ano, o traballo enfocouse no Wp4 (vixilancia e mellora no uso de antibióticos), que comezará a desenvolverse nos próximos meses. A visita consiste en avaliar, a través de entrevistas con persoal médico e sanitario do Hospital Álvaro Cunqueiro, a evolución da implementación do Wp3 e establecer o inicio do Wp4.

O proxecto REVERSE está financiado pola Comisión Europea e enmárcase no programa Horizonte 2020. A data de finalización está prevista en xuño de 2026 e está coordinado pola Universidade de Zurich.